

CONSELLO PARROQUIAL

LÉREZ

23/05/16

ASISTENTES:

- Comunidade de Montes
- AAVV S. Bieito de Lérez
- Asociación cultural Stmo. Cristo
- Cofradía do Stmo. Cristo
- Pilar Comesaña

O concelleira delegada da parroquia Pilar Comesaña reúne cos membros do consello parroquial de Lérez para presentar as vindeiras obras a realizar na parroquia, así como para recoller novas propostas. A xuntanza comenza coa seguinte orde do día:

- Obras en curso
- Obras proxectadas para o 2016
- Vindeiras obras
- Suxerencias e peticións

OBRAS EN CURSO

1. Rúa da Gándara
2. Pista en A Piolla
3. Arranxo lavadoiro de Couso
4. Avenida Médico Ballina
5. Limpeza e bacheado pista Ramallás-Casaldourado

1.- Rúa da Gándara

Está a piques de rematar o arranxo integral da rúa da Gándara ata a ponte peonil. Éste é o tramo catalogado ata o momento por patrimonio, polo que só se pode arranxar ata ahí. No momento que se faga a catalogación do tramo restante (ata a fonte) rematarase o tramo que falta.

As obras consisten no asfaltado e calmado de tráfico de toda a rúa, así como o acondicionamento dun pequeno camiño que vai a dar a dita rúa e que dá acceso a varias vivendas. O presuposto aproximado é de 250.000 €

2.- Pista en A Piolla

Obra tamén a piques de rematar. A pista comunica os barrios de A Piolla e Casalnov. Os traballos consisten no asfaltado, e pequeno ancheamento nun tramo bastante estreito. A obra estivo parada un tempo debido a construción dun muro particular, o que se aproveitou para anchear bastante a saída á pista que baixa ao colexio. Presuposto 177.651,15 €

3.- Arranxo lavadoiro de Couso

Rehabilitación do lavadoiro de Couso e retirada dunha caseta abandonada.

4.- Avenida Médico Ballina

Esta semana comenzaron os traballos de mellora da avenida de Médico Ballina.

A actuación, cun custe de 59.065 euros, consiste na construción dun paso de peóns á altura da plataforma do túnel do AVE, (onde se ten previsto a construción dun parque infantil) e garantir así a seguranza dos nenos e nenas. Ademais, mellorarase toda a accesibilidade ao ampliar a beirarrúa dereita (de saída da cidade) e eliminar o estacionamento en liña nese lado, e crealo noutro sentido da circulación.

Coa creación de novas prazas de estacionamento na outra marxe tamén se pon fin a posibilidade de que os vehículos dean a volta subíndose á beirarrúa.

5.- Limpeza e bacheado pista Ramallás-Casaldourado

Limpeza do camiño e muros da pista que comunica os barrios de O Ramallás e Casaldourado, así como do campo da área recreativa de Casaldourado. O traballo inclúe o bacheado das zonas onde sexa necesario.

1.

OBRAS PROXECTADAS PARA 2016

1. Cunetas O Castelo
2. Calmado tráfico Ceip S. Bieito de Lérez
3. Limpieza cuneta Couso
4. Acceso Ramallás
5. Calmado tráfico en O Cimbelo
6. Reasfaltado pista dende A Ferreira a Pontecabras
7. Parque Médico Ballina
8. Pista peonil Fontecortiza
9. Cruceiro Couso

1.- Cunetas en O Castelo

Construción de cunetas de formigón dende a parte alta de O Castelo ata a zona do Montinho en Casalnov. Máis adiante continuaranse co resto da estrada.

2.- Calmado tráfico Ceip S. Bieito de Lérez

Días atrás presentouse no consello escolar o proxecto de calmado de tráfico da contorna do colexio.

Nos últimos anos agravouse o problema de aparcamento e o conseqüente perigo para os nenos que acceden ao colexio, polo que dende a comunidade escolar foi solicitada a redacción dun estudo de seguranza viaria. Máis adiante será presentado aos veciños da zona xa que o proxecto contempla o corte de tráfico dun pequeno tramo, durante só media hora, en horario de saída e entrada do colexio.

A obra tamén contempla a construción de reductores de velocidade (lombos), así como a construción de canalizacións de auga.

3.- Limpeza cuneta en O Couso

Na zona do campo da festa hai unha cuneta en moi mal estado debido a caída de terras sobre a mesma facendo que as augas pluviais vaian polo medio da pista.

4.- Acceso a O Ramallás

Están practicamente rematados todos os informes necesarios para a compra dunha casa en ruínas(15.000 €) na entrada ao barrio do Ramallás na zona do Cruceiro. Unha vez sexa propiedade municipal procederase ao seu derrube para acondicionar unha entrada máis ampla ao barrio e a construción dunha plazoleta.

5.- Calmado tráfico en O Cimbelo

Instalación de reductores de velocidade na zona interior de O Cimbelo

6.- Reasfaltado pista dende A Ferreira a Pontecabras

Asfaltado da pista que comunica o barrio de A Ferreira, (comercial Senra) ata Pontecabras, no límite coa parroquia de Alba.

7.- Parque infantil de Médico Ballina

O proxecto de construción do parque infantil sobre o túnel tren xa está en marcha, despois da cesión dos terreos por parte de Adif ao Concello. Foron feitas xa as medicións dos terreos e preténdese que esté en funcionamento antes do inverno.

8.- Pista peonil na Fontecortiza

Acondicionamento da senda peonil que pasa pola zona da Fontecortiza

9.- Cruceiro Couso

Rehabilitación do cruceiro do barrio de O Couso

VINDEIRAS OBRAS

- Rúa da Torre.
- Asfaltado pista en A Fontaiña
- Acondicionamento do barrio do Ramallás

1.- Rúa da Torre.

Asfaltado e calmado de tráfico na rúa da Torre. A obra leva algo de retraso debido a complicación para canalizar as augas pluviais. Farase en dúas fases.

- Tramo dende a rúa Juan Bautista Andrade ata ás inmediacións da casa de cultura de Lérez. Construción de canalizacións de augas, calmado de tráfico coa construción de reductores de velocidade e asfaltado de todo o tramo. Este ano tratarase de facer o muro de sostemento de terras preto da casa de cultura porque está cedendo ese tramo de rúa.
- Tramo dende a casa de cultura ata o enlace coa rúa Leandro del Río. As mesmas condicións do tramo anterior
-

2.- Asfaltado pista en A Fontaiña

Asfaltado dun tramo de pista en A Fontaiña que vai a dar a nova estrada a Monteporreiro. Tamén está incluída a baixada ao río Lérez.

3.- Acondicionamento do barrio do Ramallás

Pilar Comesaña quere alcanzar nesta zona o estándar de calidade urbana, creando na zona un núcleo de centralidade. Asfaltado integral da pista que comunica o Ramallás con

Casaldourado, depois de chegar a acordos con propietarios para pasar pola súa zona o alcantarillado do barrio. Ademáis de desbastar terras que invaden a pista para intentar anchar algunhas zonas. Tamén se farán canalizacións de augas onde sexa posible.

SUXERENCIAS E PETICIÓNS

O Consello parroquial quere incluír no plan de parroquia o arranxo da pista que une o centro de Saúde ata a nova estrada que vai a Monteporreiro.

- Sustitución de todas as tuberías da estrada que están continuamente con averías
- Asfaltado de toda a rúa
- Estudo da viabilidade de por a rúa de único sentido e así ampliar os aparcamentos para dar servizo ao centro de saúde

Petición de por bolardos dende o paso de peóns do cruce que vai ao Castelo e ao Cruceiro, na nova estrada que vai a Monteporreiro, ata o reductor de velocidade (lombo) xa que os coches esquivan o lombo pola pista ciclista e peonil co conseguinte risco de atropello.